

Plantilla memoria xustificativa de:
Grao en Administración e Dirección de Empresas

Universida_{de}Vigo

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

Trala implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EES), a formación en Administración e Dirección de Empresas (ADE) adquiriu maior relevancia, máis aló da oferta tradicional de estudos non universitarios (ciclos de FP do Grao Superior en Administración e Finanzas), ao demandar profesionais con maior capacidade e, ao mesmo tempo, pola necesidade de dispor de persoal docente e investigador especializado neste eido, que permita dar resposta ao conxunto de retos que a actividade empresarial e o tecido produtivo de Galicia teñen por diante. O Grao en ADE segue sendo imprescindible na oferta de titulacións da Universidade de Vigo, nos campus de Vigo e Ourense, mesmo nos últimos cursos académicos a nota de corte está experimentando unha subida apreciable.

A incorporación de profesionais cualificados e competentes na xestión e administración de empresas é fundamental para a xeración de valor nas empresas galegas, sexan PEMES ou grandes corporacións, con estruturas familiares ou non. Por outra banda, a permanencia e o reforzo dos estudos universitarios no Grao en ADE contribúe decisivamente ao fortalecemento do espírito emprendedor, á creación de novas empresas e á crecente xeración de emprego. Primeiro, a través do auto emprego, e máis tarde, a medida que as novas empresas se fortalecen e se implantan no mercado, mediante a contratación allea. Ninguén pode negar que a maioría dos estudos de mercado e ofertas de prospección sobre postos de traballo reflicten, nos seus primeiros lugares, a preferencia das empresas, públicas ou privadas, polo perfil polivalente do Grao en ADE. Esta titulación, presente nas 3 universidades galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), e en 5 campus diferentes (A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense), con preto dun milleiro de estudantes que comezan e rematan os seus estudos anualmente, continúa aportando valor á economía galega (con demanda en bacharelato e patronal), o que xustifica con creces a súa presenza no mapa galego de titulacións, con PCEOS asociados, como ADE-Dereito, ADE-Informática ou a potencial incorporación futura da dobre mención (en estudo por parte da Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galicia).

1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

Sería moi difícil de entender o desenvolvemento do tecido produtivo galego sen esta titulación, a cobertura de postos de traballo con perfil comercial, financeiro, contable, fiscal..., ou a xestión de calquera peme, aínda que só necesitásemos pagos fraccionados para IVE ou IRPF ou confección de nóminas dos traballadores.

O obxectivo fundamental da titulación é formar profesionais cun perfil especializado en administración e dirección de empresas; que contemple as necesidades de xestión empresarial e de aproveitamento dos recursos dos que dispoñen empresas e organismos ou institucións públicas ou privadas, de calquera natureza ou sector de actividade. Con un coñecemento global de todas as áreas ou departamentos potenciais dunha empresa (comercial, financeiro, contable, administrativo, de recursos humanos, xestión de compras, I+D+i...), pero tamén buscando formación particular para perfís máis actuais: como o de xestor/a de innovación, especialista en *e-commerce*, xestor financeiro, rede de clientes, contidos, páxinas web, especialistas en atención ao cliente e fidelización, vendas online...), con capacidade para liderar o desenvolvemento de proxectos e adaptarse de forma eficiente a un entorno en rápida evolución. .

Ao abeiro do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias e o procedemento de garantía de calidade, búscase a obtención de "profesionais ... capaces de liderar e afrontar transformacións para construír colectivamente unha sociedade aberta ao cambio, económica e ambientalmente sostible, tecnoloxicamente avanzada, socialmente equitativa, sen ningún tipo de discriminación por razón de xénero, orixe nacional ou étnica, idade, ideoloxía, relixión ou crenzas, enfermidades, clase social ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e claramente aliñados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)".

En liña co disposto no artigo 13, punto 1, da citada normativa: "As ensinanza oficiais de grao, como ciclo inicial das ensinanza universitarias, teñen como obxectivo fundamental a formación básica e xeral do estudante nas distintas disciplinas do coñecemento científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, mediante a transmisión ordenada de coñecementos, habilidades e destrezas propios da disciplina ou disciplinas respectivas implicadas, e que os prepare para o desenvolvemento de actividades

profesionais e garanta a súa formación integral como cidadáns”, no noso caso, concretamente, nos estudos do Grao en ADE.

Os/as egresados/as en ADE poderán incorporarse a calquera tipo de empresa, a calquera sector de actividade, especializarse en mestrados específicos a medida que evolucionen nunha ou outra dirección ou actividade, desenvolver as súas competencias no sector público, se así o deciden (ofertas de emprego específicas públicas no ámbito local, Administracións autonómicas ou nacionais; como podería ser o caso de inspección tributaria, tesourería en concellos ou deputacións, cargos de administración ou dirección en ministerios, técnicos ou xestores do ámbito sanitarios, docentes en centros de formación secundaria e universitaria e institucións afíns ou dependentes). No eido da empresa privada, os egresados en ADE poderán desenvolver funcións propias da xestión corporativa e institucional de empresas, a xestión de organizacións, o deseño e responsabilidade de proxectos (a partir da análise habitual de custos e beneficios), ou calquera outra función de carácter técnico, administrativo, financeiro, contable ou comercial.

1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade

O Grao en ADE na Universidade de Vigo ten un perfil flexible e adaptable a moi diferentes postos de traballo demandados na meirande parte de empresas existentes en Galicia, en particular nas provincias de Pontevedra e Ourense. Os campus de Vigo e Ourense necesitan de esta titulación, tamén presente nos campus de Santiago, A Coruña e Lugo (cubréndose as prazas ofertadas de xeito reiterado no tempo). Por outra banda, o mantemento da oferta nos dous campus sinalados permite fixar a poboación en ambas cidades e redonda no fortalecemento do tecido produtivo e a xeración de novas empresas. Calquera alteración da oferta do Grao en algún dos campus xeraría un evidente desequilibrio territorial, con efectos negativos sobre a creación de riqueza e o benestar das familias afectadas.

2 Mercado laboral

2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

O Grao en ADE supón unha alternativa moi atractiva debido ás altas taxas de inserción laboral, maioritariamente na empresa privada, e ás beneficiosas condicións salariais. Nos últimos anos é a titulación con máis saídas profesionais, así segundo o último Informe Infoempleo Adecco, o 4,5% das ofertas de emprego publicadas fai referencia específica a esta titulación e os seus/súas titulados/as poden optar ao 10,7 % das ofertas nas que se solicitan estudos universitarios.

Con todo, a saturación do mercado laboral tamén afecta á contratación deste tipo de profesionais. Isto quere dicir que se queremos estar seguros ao 100% de obter un traballo cunha titulación de ADE será necesario que ademais obteñamos unha certificación dun nivel alto de inglés e adquiramos “habilidades brandas”.

O mercado laboral galego, nacional e internacional, presenta reiteradamente nos primeiros postos de preferencia o Grao en ADE, pola súa versatilidade e polivalencia, razón pola que toda universidade que se preocupe un pouco pola empregabilidade dos seus egresados debe ofertar o Grao en ADE e un ou varios dos seus campus.

2.2 Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

Entre as profesións para as que habilita a obtención do Grao en ADE, hai que precisar que o título non está vinculado a ningunha profesión regulada. En todo caso, inclúense a título informativo os seguintes perfís de gradación, que complementamos cos incluídos na Clasificación Internacional Normalizada de Ocupacións da Oficina de Traballo de Xenebra (OIT):

- Administración, organización e xestión de empresas.
- Creación de empresas.
- Auditoría de contas.
- Asesoramento financeiro, contable e fiscal.
- Consultoría.
- Dirección xeral.
- Dirección económico-financeira.
- Investigación e planificación empresarial, técnicas de mercadotecnia e comercio exterior.

- Sistemas actuariais e de risco.
- Selección e integración de persoal, métodos de traballo e racionalización administrativa.
- Tratamento de datos e tratamento da información empresarial.
- Dirección da área internacional da empresa.
- Arbitraje e procedementos xudiciais.
- Acceso á postos de traballo como técnicos superiores ou de xestión na administración pública, en concellos, deputacións, comunidades autónomas ou do estado: axencia tributaria, catastro, ministerios e consellerías, en múltiples áreas: orzamentos, tesourería, xerencia, tributacións...; mesmo en Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Sanidade, Educación....
- Banca e servizos financeiros: executivos/as comerciais, dirección de oficina, dirección comercial, análise de riscos, xefe/a de servizos de estudos, analistas de sociedades de valores, banca de investimento, xestión de patrimonios, carteiras e fondos...
- Estudos estatísticos e documentación económica, contable e financeira.
- Docencia en Secundaria: ESO, Bacharelato e Ciclos de Formación Profesional, Universidades; centros educativos de formación continua, academias e institutos de investigación e formación específica.

2.3 Interese particular e apoio por parte dalgún grupo de empresas (clúster/hub) que apoie a proposta

Cómpre salientar neste punto os miles de convenios de colaboración con empresas asinados dende a reitoría da Universidade de Vigo, a proposta de ámbolos dous centros, que exemplifican dun xeito meridiano o apoio do tecido económico e empresarial galego e, mesmo, nacional ao mantemento e reforzo do Grao en ADE na Universidade de Vigo. A estreita colaboración coas Confederacións de Empresarios das provincias de Pontevedra e Ourense e os Colexios de Economistas de ambas provincias. Todos os anos contamos con moi diversas propostas de empresarios/as que apadriñan os actos de gradación en ADE. A expansión dos convenios chega tamén ás máis sobranceiras empresas de auditoría nacionais, entidades financeiras como BBVA, Santander, ABANCA, ou perfís de xestión de ERPs, como Edisa ou Sanofi; sobre esta base podería abordarse, a medio prazo, a mención dual, na que xa temos compromiso de colaboración de diversas institucións.

3 Demanda

3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

A actividade económica e a xestión e administración das empresas describen unha función esencial na sociedade, na mellora do nivel de vida da poboación e na cobertura dos servizos esenciais, onde esta actividade xera miles de postos de traballo nas empresas, nas administracións locais (concellos e deputacións); pero tamén a nivel autonómico ou nacional, un perfil tamén necesario en calquera organismo ou institución (control de tesourería, orzamentos ou patrimonio), mesmo en ONG ou corpos e forzas de seguridade do Estado, poderíamos continuar coa administración dos servizos sanitarios, comunidades de veciños, bens familiares, fundacións.... En definitiva, os contidos, competencias e habilidades acadados co Grao en ADE son aplicables a calquera colectivo de dous ou máis persoas e a calquera tipo de actividade ou sector de servizos. Neste senso, a mellora e actualización dos estudos universitarios da titulación de ADE, así como unha maior adaptación ás necesidades da sociedade, permitirá a creación de postos de traballo con maior valor engadido. Tamén pretendemos abordar o reto de buscar novas ferramentas de xestión aplicadas a empresas e sectores, con novos modelos cualitativos e cuantitativos de análise económica, propoñendo estratexias innovadoras para crear valor, xerar emprego, impulsar modelos de economía circular e responsabilidade social empresarial. En consecuencia, apostamos por formar profesionais en Administración e Dirección de Empresas que garantan que a actividade económica, a satisfacción das necesidades e a achega de beneficios aos propietarios privados, fundacións ou administración pública, se desenvolvan de forma simultánea como unha actividade sustentable e innovadora, ao abeiro dos ODS 2030 das Nacións Unidas. Asemade, non se pode esquecer a importancia desta actividade para o tecido socioeconómico, a contribución ao PIB e a xeración de emprego, riqueza e desenvolvemento para Galicia. En consecuencia, contar con estudos oficiais no ámbito da administración e dirección de empresas configúrase como un eixo estratéxico da oferta de graos na Universidade de Vigo, un activo fundamental que sempre estivo presente dende hai máis de tres décadas (primeiros estudos de Grao en Ciencias Económicas e Empresariais en Vigo, 1987), precedente na Escola de Ciencias Empresariais de Ourense, 1986. En resumo, hai demanda máis que suficiente no estudantado de bacharelato e nas empresas demandantes de perfís específicos do Grao en ADE.

4 Non duplicidade

4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

Como ensinanzas afíns podemos salientar os Graos en Economía, presentes nas 3 universidades galegas, o Grao en Comercio (do campus de Vigo), e a titulación en Ciencias Empresariais (aínda presente na Universidade de A Coruña).

4.2 Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

Podemos acreditar que non existe coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes diferentes ao Grao en ADE, no Sistema Universitario Galego.

A proposta de modificación do Grao en ADE non ten carácter substancial, polo que supón unha continuación do plan de estudos xa existente. Neste punto precisamos que o Grao en ADE ten unhas características, competencias, obxectivos, contidos e funcións específicos que o diferencian de calquera outra titulación universitaria presente no Sistema Universitario Galego (SUG).